



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfnos: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.G.D. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 061/10

20 de abril de 2010

❑ VOLVE O AUTOMOBILISMO GALEGO Á TELEVISIÓN.

Co fin de dar a coñecelo automobilismo galego, a Federación Galega de Automobilismo e “Productora de Video Panorámica, S.L.” acaban de asinar un convenio de colaboración para que ésta difunda **en exclusiva** material audiovisual sobre as competicións oficiais, autonómicas, nacionais e internacionais, que se celebren en Galicia durante as tempadas 2010 a 2015. A filmación de imaxes e sons levarase a cabo mediante o emprego de medios técnicos profesionais de obtención de imaxes e sons de primeira calidade e tecnoloxía, incluídas cámaras “on board” colocadas no interior dalgún dos vehículos que compitan. A propiedade intelectual das obras audiovisuais que a “Productora de Video Panorámica, S.L.” realice pertencerá por metades á “Federación Galega de Automobilismo”, e a mencionada productora.

A “Productora de Video Panoramica, S.L.” xunto con “V Televisión” (La Voz de Galicia)” crean unha nova proposta para a difusión do motor de competición a través dun programa baixo o título “Planeta Ras”, que terá unha duración de 20 minutos, que se emitirá en horarios de máxima audiencia (prime time) durante os fins de semana, a partir de maio, e promocionará o automobilismo galego, de novo, nun canle en aberto de televisión.

Asimesmo informase que a plataforma de Internet TV “Planeta Ras” continuará ó igual que ata a data, sendo estas dúas noticias boas para o noso deporte e para tódolos afeccionados de Galicia ó mundo do motor.

A Federación Galega de Automobilismo, a través da presente autorización, concede **en exclusiva e gratuitamente** á “Productora de Video Panorámica, S.L.” os dereitos que ostenta sobre as imaxes das competicións de carácter oficial desenroladas na Comunidade Galega, coa salvedade e limitacións que se derivan do explicado, e dos dereitos que non dispón, e da que as utilizacións ou aplicacións que poiderán atentar o dereito de honra nos termos previstos na Lei Orgánica 1/85, de 5 de maio, de protección civil do Dereito de Honra, intimidade persoal, familiar, e propia imaxe.